

Textos de Descartes ABAU.

Texto 1. Reglas para la dirección del espíritu, Regla IV. Cuestión asociada: o problema do método e a evidencia do *cogito* en Descartes.

1. Contexto:

- Descartes, La Haya (1596 – 1650).
- Familia da baixa nobreza, educación en consecuencia ⇒ Colexio de La Flèche (xesuíta) Estuda a tradición filosófica anterior ⇒ parécelle insuficiente.
- Fórmase en matemáticas (pai da xeometría analítica) e física.
- Alistase nos exércitos de Maximiliano de Baviera e Guillermo de Orange ⇒ tres soños que o orientan a dedicarse á filosofía e a elaboración dun método que permita chegar a verdades universais, evidentes.
- Titor de Cristina de Suecia ⇒ morre en Estocolmo.
- Obras notables: *Reglas para a dirección do espírito*, *Discurso do método*, *Meditacións metafísicas*.

2. Tese: a **necesidade dun método** que nos permita chegar a verdades evidentes, incuestionables (universais e necesarias)

3. Desenvolvemento:

- O problema do método na filosofía moderna: importancia de guiarse por un método. O cartesiano estará inspirado nas matemáticas. De non usar un método non se poden chegar a verdades claras, universais.
- Clasificación do coñecemento: árbore da ciencia. Metafísica (raíces) ⇒ Física (tronco) ⇒ Ramas (ciencias prácticas como a moral, a medicina, etc.)
- Dous tipos de coñecemento inspiran ao método cartesiano: **intuitivo e dedutivo** (definir)
- **4 REGLAS DO MÉTODO (DEFINIR): 1) EVIDENCIA ⇒ 2) ANÁLISE ⇒ 3) SÍNTESE ⇒ 4) ENUMERACIÓN**
- Referencias ao texto e citas. Exemplos: *“es mucho más acertado no pensar jamás en buscar la verdad de las cosas que hacerlo sin método”*, *“es segurísimo que esos estudios desordenados y esas meditaciones oscuras turban la luz natural y ciegan el espíritu”*, *“entiendo por método reglas ciertas y fáciles, mediante las cuales el que las observe exactamente no tomará nunca nada falso por verdadero”*, *“aumentando siempre gradualmente su ciencia, llegará al conocimiento verdadero”*.
- Niveis de dúbida para chegar a verdades evidentes, indubidables: 1) Sentidos ⇒ 2) Realidade ⇒ 3) Razoamentos dedutivos (xenio maligno. **Dúbida hiperbólica ⇒ abarca todo**)

- 1ª EVIDENCIA. 1ª IDEA CLARA E DISTINTA ⇒ *Cogito, ergo sum*. “Penso, logo *existo*”. Non podo dubidar de que estou dubidando, de que estou pensando. Todos os contidos dos meus pensamentos poden ser erróneos, pero non podo poñer en cuestión qu estou a pensar. Se hai actividade do pensamento hai unha realidade ou substancia que pensa: **res cogitans (substancia pensante) ⇒ alma, mente**.
 - **Para este texto, a partir de aquí, máis breve.**
 - Clasificación das ideas, contidos da nosa mente: **adventicias, facticias e innatas / claras – escuras, distintas – confusas**.
 - Exemplo de idea innata: perfección, infinitude. De onde proceden? Ligar coa demostración da existencia de Deus. Argumentos: **1) Ontolóxico (inspirado en San Anselmo de Canterbury). 2) Idea de perfección. 3) Dependencia do divino**.
 - Evítase o **solipsismo (existe unha realidade máis aló da nosa mente, esa realidade é a res infinita – Deus)**
 - Deus, perfecto, é bondadoso ⇒ non permite que os nosos xuízos sobre as nosas ideas adventicias (que proceden dos sentidos) sexan erróneos. Existe o mundo material: **res extensa**.
 - Dualismo: no ser humano está presente a res cogitans (mente) e a res extensa (corpo) ⇒ **problema mente – corpo** ⇒ explicar como se relacionan ambas substancias.
 - (Se da tempo ⇒ Descartes reflexionou sobre a moral, como non atopara aínda verdades evidentes sobre a mesma propuxo unha moral provisional cunhas regras que nos permitisen convivir en sociedade)
4. Conclusión: pai da filosofía moderna, máximo representante do racionalismo moderno inspirando a outros racionalistas como Spinoza ou Leibniz. Crítica posterior dos empiristas: o coñecemento procede todo da experiencia, non existen ideas innatas ⇒ Locke e Hume.

Texto 2. Discurso del método, Parte II. Cuestión asociada: o problema do método e a evidencia do *cogito* en Descartes.

- **Tese do fragmento: as regras do método cartesiano.**
- Mesmo esquema que o anterior centrándovos, obviamente, na descrición do método e das súas regras. Clave das referencias: cada vez que citedes unha regra e a explicades acompañade esa explicación dunha cita **PERO SEMPRE DEBEDES EXPLICAR A REGRA, NON VOS LIMITEDES A PARAFRASEAR**. A segunda parte do fragmento fai referencia á influencia das matemáticas no método cartesiano.

Texto 3. Meditaciones metafísicas, Meditación Segunda. Cuestión asociada: o problema do

método e a evidencia do *cogito* en Descartes.

- **Tese do fragmento: o cogito como a primeira verdade evidente, como primeira idea clara e distinta.**
- Mesmo esquema pero desenvolvendo especialmente a demostración dos motivos polos cales Descartes considera ao cogito como a primeira idea clara e distinta.
- Teñen o texto elaborado por min na aula virtual

Texto 4. Discurso del Método, Parte IV. Cuestión asociada: o problema do método e a evidencia do *cogito* en Descartes.

- **Tese do fragmento: os argumentos cartesianos para demostra a existencia da res infinita (Deus)**
- Debedes seguir o mesmo esquema, sendo algo máis sintéticos, e centrarvos especialmente na demostración da existencia de Deus. É clave que arranquedes coa mención á existencia de ideas innatas como a de infinitude e perfección.
- Argumentos: **1) Ontolóxico (inspirado en San Anselmo de Canterbury).** I. Todo mundo posúe na súa mente a idea de Deus. II. A idea de Deus é a do máis perfecto e grandioso que existe. III. Podemos pensar nunha idea máis grandiosa e perfecta que a anterior? Si, a idea de Deus que exista na nosa mente e fóra. IV. Se a idea de Deus é a máis grandiosa e perfecta que existe entón Deus debe existir non só dentro da mente, senón tamén fóra. V. Pola tanto, Deus existe. **2) Idea de perfección.** De onde procede a idea de perfección? Non pode proceder de min, pois eu son imperfecto, cometo erros. Non pode vir da nada, pois da nada nada ven (**Ex nihilo nihil fit**). Así, a idea de perfección debe proceder dun ser igual de perfecto e ese ser é Deus. **3) Dependencia do divino.** De ser causa de min mesmo teríame creado con todos os atributos de perfección que se asocia ao divino. Non é así, polo que miña causa debe estar nun ser que si posúa ditos atributos e ese ser é Deus.
- Citas e referencias ao texto: **CITAS CORRESPONDENTES SEGUNDO ARGUMENTO.** Non son perfecto $\Rightarrow$ “yo dudaba, no era mi ser enteramente perfecto, pues veía claramente que hay más perfección en conocer que en dudar”. Existencia dun ser perfecto $\Rightarrow$ “evidentemente que debía de ser por alguna naturaleza que fuese efectivamente más perfecta”. Ex nihilo nihil fit $\Rightarrow$ “no podía suceder otro tanto con la idea de un ser más perfecto que mi ser, pues era cosa manifestamente imposible que la tal idea procediese de la nada”. Procede dun ser perfecto $\Rightarrow$ “sólo quedaba que hubiese sido puesta en mí por una naturaleza verdaderamente más perfecta que soy yo [...] en una palabra, Dios”. **CITAS CORRESPONDENTES AO TERCEIRO ARGUMENTO.** “Era absolutamente necesario que hubiese algún otro ser más perfecto de quien yo dependiese y de quien

hubiese adquirido todo cuanto yo poseía”. Atributos de Deus: “*ser, por lo tanto, yo infinito, eterno, inmutable, omnisciente, omnipotente*”.

- Evítase o **solipsismo** (existe unha realidade máis aló da nosa mente, esa realidade é a **res infinita – Deus**)
- **Deus, perfecto, é bondadoso** ⇒ non permite que os nosos xuízos sobre as nosas ideas adventicias (que proceden dos sentidos) sexan erróneos. Existe o mundo material: **res extensa**.
- Seguir o mesmo esquema que os anteriores ata a conclusión. Nesta, facer fincapé nas críticas que Hume lle realizará á metafísica tradicional, especialmente á idea de Deus, á cal non se pode coñecer a través da experiencia ⇒ **agnosticismo**.